

ARTES ESCÉNICAS II

CIRCULAR INFORMATIVA

De cara á PAU 2025, lémbrese ao profesorado e alumnado de **Artes Escénicas** que é necesario traballar todos os aspectos que interveñen nun espectáculo.

En primeiro lugar, hai que elaborar un proxecto para presentar a unha institución pública ou a unha entidade privada que poidan estar interesadas na representación da obra, destacando a viabilidade económica e o interese artístico e cultural da proposta. Incluso sería interesante elaborar varios proxectos, tendo en conta que non todas as institucións, nin todas as entidades contan cos mesmos recursos económicos.

Neste senso, tamén é importante considerar varios contextos e varios escenarios posibles para a representación, e tamén varios tipos de público obxectivo, pois unha obra é susceptible de moitas adaptacións sen perder a súa esencia.

Na posta en escena da obra son relevantes os recursos técnicos, a infraestrutura material e os recursos humanos. Neste último apartado hai que incluír tanto os actores como o persoal de apoio que se considere necesario.

Despois, hai que traballar a maquillaxe, o vestiario, o son, a iluminación e o «atrezzo».

O que comunico a efectos de docencia e proceso de aprendizaxe.

En Santiago de Compostela, a 07 de outubro de 2024

Xosé Soengas Pérez
(Director do Grupo de Traballo de Artes Escénicas)